

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA



Edita

Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

Correo electrónico: ilgsec@usc.gal

Páxina web: <http://ilg.usc.gal/>

Teléfonos

+34 8818 12815

+34 8818 12802

Fax +34 81572770

Maquetaxe

Marta Negro Romero

A portada foi elaborada a partir dun deseño de Canva

Universidade de Santiago de Compostela, abril de 2022

LIMIAR	6
ORGANIGRAMA.....	7
ÓRGANOS DE GOBERNO	9
RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN.....	11
A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG.....	11
A. DIALECTOLOXÍA E XEOGRAFÍA LINGÜÍSTICO GALEGO E DO PORTUGUÉS.....	11
B. GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO.....	15
C. ONOMÁSTICA.....	19
D. CORPORA DE LINGUA ACTUAL.....	20
E. GRAMÁTICA	23
F. SOCIOLINGÜÍSTICA.....	25
G. PERCEPCIÓN DA FALA	28
B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS	30
ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS, ENCONTROS LINGÜÍSTICOS e OUTRAS ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN.....	32
A. Análise do discurso, ideoloxías lingüísticas e contacto de linguas.....	32
B. Simposio ILG 2020. Estándar, norma e variación: procesos, problemas e perspectivas.....	33
C. Lingüísticamente lingüística: diálogos entre a lingüística, a psicoloxía e a psicolingüística	33
D. Simposio ILG 2021. 50 anos. Homenaxe a Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González González.....	34
E. Concurso de vídeo <i>Móvete</i>	35
F. Exposición sobre a historia do ILG.....	35
A ACTIVIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR.....	36
A. Conferencias, comunicacións e pósters en congresos e encontros	

científicos	36
B. Cursos e seminarios.....	42
C. Comités científicos e de redacción de revistas e coleccións.....	43
D. Publicacións e recursos dixitais.....	45
D1. Publicacións do ILG	45
D2. Recursos dixitais.....	46
D3. Publicacións de persoal do ILG.....	46
Capítulos de libro.....	46
Libros	50
Artigos en revistas	50
Recensións.....	52
Artigos na prensa ou en blogs	52
Outras publicacións de carácter divulgativo	53
Traducións	53
E. TESES EN CURSO.....	53
F. TESES DEFENDIDAS.....	54
G. CONTRATOS PREDOUTORAIS	54
H. ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN	54
I. COMUNICACIÓNS PRESENTADAS NO ILG.....	55
J. VISITAS DE INVESTIGADORAS.....	55
K. PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE ENCONTROS CIENTÍFICOS.....	55
L. ACTIVIDADES RELACIONADAS CO ENSINO MEDIO.....	56
M. OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS CO ENSINO MEDIO	57
OUTRAS ACTIVIDADES.....	58
CONVENIOS, CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL E PREMIOS.....	59
CONVENIOS	59
CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓNS SOCIAIS, ACADÉMICAS... ..	59

PREMIOS E RECOÑECIMENTOS	62
RESUMO ECONÓMICO	63
INDICADORES DESTACADOS DOS ÚLTIMOS 5 ANOS.....	64
INDICADORES DE INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN RESPONSABLE (IRR)	66
CONSULTAS DA PÁXINA WEB E DOS RECURSOS DO ILG	67

A memoria que agora presentamos, correspondente ás actividades desenvolvidas polo Instituto da Lingua Galega durante o ano 2021, foi aprobada polo Consello Científico do Instituto na reunión celebrada o pasado 5 de abril de 2022 e pola súa Xunta de Goberno na reunión celebrada o día 5 de abril de 2022, en cumprimento co establecido na normativa que regula o funcionamento e a acción do centro (en particular o seu regulamento de réxime interno e mais os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela). Con este acto damos tamén cumprimento á vontade de transparencia e de responsabilidade social do ILG.

No pasado ano 2021 o Instituto da Lingua Galega conmemorou o 50.º aniversario da súa fundación, o que o converte nun caso excepcional entre os centros de investigación en Galicia, e sobre todo nun ámbito como o do estudo das linguas e das ciencias humanas. Con motivo deste aniversario, o ILG organizou unha serie de actividades de diferente carácter: académico, de divulgación e de promoción da lingua entre a xente nova. Así, celebrouse un Simposio en homenaxe a tres figuras que foron a espiña dorsal do ILG durante case a totalidade destes 50 anos, Manuel González González, Rosario Álvarez Blanco e Francisco Fernández Rei, e que contou coa participación de relevantes conferenciantes de universidades españolas, europeas e brasileiras; ademais, instalouse unha exposición sobre a historia do ILG na Facultade de Filoloxía. Mais queremos destacar a organización, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e de GADIS, do concurso de vídeo Móvete, dirixido a alumnado e profesorado de ensino medio e formación profesional e que contou cunha nutrida participación. Así pois, foi a vontade do Consello Científico do ILG que esta celebración non quedase reducida a actos estritamente académicos, senón que tivese incidencia na sociedade e, sobre todo, nos ámbitos máis relevantes para o futuro da lingua, como é a poboación escolar.

Estas actividades son unha mostra de que en 2021 comezamos a superar a situación de excepcionalidade producida pola COVID-19 e de que este ano marcou unha certa recuperación da maioría das accións que o ILG viña realizando de maneira habitual. Fóronse retomando, pois, actividades científicas, como conferencias e seminarios. Entre estes destacamos os tres seminarios sobre “Análise do discurso, ideoloxías lingüísticas e contacto de linguas” organizados no marco do Proxecto “Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística”, que dirixe Elisa Fernández Rei, que contaron coa participación de recoñecidas investigadoras da California State University (Long Beach), da Marquette Univ. (Wisconsin) e da Univ. do Minho. Por outra parte, en colaboración co Consello da Cultura Galega, desenvolveuse en remoto o Simposio ILG 2020 “Estándar, norma e variación“, adiado por causa da pandemia. O simposio, dirixido por Henrique Monteagudo, contou coa participación de investigadoras e investigadores moi relevantes das Univ. do País Vasco, Rovira i Virgili, Pompeu Fabra, Salamanca, Amsterdam, Federal Fluminense, Brasília, Federal de Uberlândia, Wisconsin-Milwaukee, Vigo e Santiago de Compostela, así como do presidente de Associação Galega da Língua. Esta actividade, ao se celebrar en remoto, contou cunha asistencia moi numerosa de persoal investigador e alumnado do estado español e de Brasil, aínda que tamén doutros países de América, como Arxentina ou Colombia. Mais tamén queremos destacar o encontro entre lingüistas, psicolingüistas e psicólogos *LingüísticaMenteLingüística*, que tivo lugar en xullo na Facultade de Xeografía e Historia e que reafirma a vontade do ILG de manter liñas de colaboración interdisciplinarias con outras áreas das ciencias sociais e experimentais.

Neste sentido, debemos destacar a posta en marcha, conxuntamente co CITIUS, e por medio dun convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de

Galicia, do Proxecto Nós. Este é un proxecto de grande alcance, aínda na súa fase inicial, que ten por obxectivo dotar o galego de ferramentas tecnolóxicas e poñelas a disposición pública para o seu desenvolvemento e aplicación en todo tipo de ámbitos de comunicación con ou mediante máquinas. O desenvolvemento das tecnoloxías lingüísticas pasa a situarse, por tanto, como un dos centros de acción deste Instituto para os próximos anos. Ao mesmo tempo, o ILG está integrado en INTELE (INfraestructura de TEcnoloxías del Lenguaje), unha rede de investigación estratéxica do estado español relacionada con infraestruturas europeas de investigación, constituídas como European Research Infrastructure Consortium (ERIC) para as humanidades e as ciencias sociais: CLARIN e DARIAH.

Por tanto, ao cabo de 50 anos o papel do ILG mudou grandemente no tocante aos traballos e ás metodoloxías empregadas, mais os seus obxectivos estratéxicos, que son os que lle dan sentido a este centro, non mudaron no esencial: investigación rigorosa, para colocar a lingüística galega nos máis altos estándares da lingüística internacional, mais tamén transferencia do coñecemento aos organismos e entidades que se ocupan da lingua galega (Secretaría Xeral de Política Lingüística, Real Academia Galega) e á sociedade en xeral e, sobre todo, compromiso coa lingua galega, co seu estudo, difusión e promoción, que son os principios fundacionais do ILG. Hai 50 anos o ILG iniciaba a súa andaina cunha obra de intervención, un manual para o estudo da lingua galega, nun momento en que non existía ningún traballo deste tipo. Continuou pouco despois co *Atlas Lingüístico Galego*, que achegou os materiais e o coñecemento lingüístico para a estandarización do galego que se ía poñer en marcha nos anos posteriores, mais que tamén se incardinou noutros grandes proxectos europeos de xeografía lingüística, o *ALIR (Atlas Linguistique Romane)* e o *ALE (Atlas Linguarum Europae)*, de xeito que contribuíu de maneira relevante a situar a lingüística galega na esfera internacional.

Desde entón a situación mudou drasticamente, e o ILG, despois de intervir de maneira moi relevante nas tarefas de estandarización e de normalización da lingua galega, afrontou novos retos. Durante estes últimos anos pode apreciarse a continuidade de proxectos orientados ao aumento do coñecemento sobre o galego (e sobre as linguas veciñas), con desenvolvementos innovadores (fonoloxía experimental, dialectoloxía perceptiva, estudo de actitudes e ideoloxías lingüísticas, entre outros), mais sobre todo orientados a poñer a disposición da comunidade científica e da sociedade en xeral un elevado número de recursos lingüísticos. E ao mesmo tempo tamén é moi notorio o xiro cara ás humanidades dixitais e, máis recentemente, cara ás tecnoloxías lingüísticas, sempre buscando a interdisciplinidade e a colaboración con grupos tanto de ciencias sociais coma de ciencias experimentais. Son novos tempos que exixen novos retos, e o ILG trata de cumprir, respondendo a eles, os seus principios fundamentais de investigación sobre a lingua galega e de compromiso coa sociedade.

Este longo camiño foi posible grazas á entrega e o talento do persoal investigador do ILG e á valiosa colaboración de persoas e equipos de diferentes áreas. E tamén ao apoio decidido e continuado dos equipos de goberno da Universidade de Santiago de Compostela, así como doutras entidades, nomeadamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Fundación Barrié, o Consello da Cultura Galega e mais a Real Academia Galega. Desde o ILG queremos agradecer a todas estas institucións o seu apoio continuado e a súa valiosa colaboración, na seguridade de que, coa súa axuda, o Instituto da Lingua Galega poderá seguir contribuíndo de maneira relevante ao avance do coñecemento e á promoción da lingua galega e servizo á nosa sociedade.

XOSÉ LUÍS REGUEIRA FERNÁNDEZ
Director do Instituto da Lingua Galega

ORGANIGRAMA

PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Rosario Álvarez Blanco	Investigadora adscrita
María Álvarez de la Granja	Investigadora adscrita. Secretaria
Carme Ares Vázquez	Investigadora adscrita
Ana Isabel Boullón Agrelo	Investigadora adscrita
Xosé Carracedo Fraga	Investigador adscrito
Francisco A. Cidrás Escáneo	Investigador adscrito
María José Domínguez Vázquez	Investigadora adscrita
Francisco Dubert García	Investigador adscrito
Francisco Fernández Rei	Investigador adscrito
Elisa Fernández Rei	Investigadora adscrita
Manuel González González	Investigador adscrito
Ernesto X. González Seoane	Investigador adscrito
Carme Hermida Gulías	Investigadora adscrita
M ^a Sol López Martínez	Investigadora adscrita
Ramón Mariño Paz	Investigador adscrito
Henrique Monteagudo Romero	Investigador adscrito
Eduardo M. Moscoso Mato	Investigador adscrito
Xosé Luís Regueira Fernández	Investigador adscrito. Director
María Teresa Sanmarco Bande	Investigadora adscrita
Xulio Sousa Fernández	Investigador adscrito
Francisco Xavier Varela Barreiro	Investigador adscrito

INVESTIGADORA PREDOUTORAL

Clara Lago Caamaño	Contrato predoutoral da Xunta de Galicia Contratada predoutoral FPU
--------------------	--

INVESTIGADORA EN FORMACIÓN

Estela Fidalgo Garra

PERSOAL DE APOIO

María Caíña Hurtado
Jose Antonio Cutrín Garabal
Eva María Domínguez Noya
Lucía Doval Iglesias

M^a del Carmen Magariños Iglesias
Marta Negro Romero
M^a Carmen Pérez González
Reyes Rodríguez Rodríguez
Raquel Vila-Amado
Adina Ioana Vladu
Florentina Xoubanova Montero

Biblioteca

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Amparo Iglesias García
Rosa Palazuelos Gómez

Responsable de asuntos económicos

INVESTIGADORES AD HONOREM

Xosé Luís Couceiro Pérez
Ramón Lorenzo Vázquez
Antón Santamarina Fernández

COLABORADORES E COLABORADORAS EXTERNAS

Alba Aguite Cajiao
Concepción Álvarez Pousa
Noemi Basanta Llanes
Xosé Henrique Costas González
José Manuel Dopazo Entenza
Xosé Antonio Fernández Salgado
Marianela Fernández Trinidad
Isabel Fraga Carou
Miguel García-Fernández
Xavier Gómez Guinovart
Eduardo Louredo Rodríguez
Victoria Marrero Aguiar
Luz Méndez Fernández
Anik Nandi
Gonzalo Navaza Blanco
Antón Palacio Sánchez
Ricardo Pichel Gotérrez
José António Souto Cabo
Gisela Tomé Lourido
Gabino Segundo Vázquez Grandío
Xosé Xove Ferreiro

ALUMNADO EN PRÁCTICAS NO ILG

Noelia Lorenzo González: [alumna do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada, curso 2020/2021.](#)

Marta Carballal Febreiro: [alumna do Grao en Lingua e Literatura Galegas, curso 2021/2022.](#)

ÓRGANOS DE GOBERNO

COMISIÓN PERMANENTE

Xosé Luís Regueira Fernández
María Álvarez de la Granja
Elisa Fernández Rei
Rosario Álvarez Blanco
Francisco Dubert García

CONSELLO CIENTÍFICO

Rosario Álvarez Blanco
María Álvarez de la Granja
Carme Ares Vázquez
Ana Isabel Boullón Agrelo
Xosé Carracedo Fraga
Francisco A. Cidrás Escáneo
Xosé Luís Couceiro Pérez
Jose Antonio Cutrín Garabal
María José Domínguez Vázquez
Francisco Dubert García
Elisa Fernández Rei
Francisco Fernández Rei
Manuel González González
Ernesto X. González Seoane
Carme Hermida Gulías
Clara Lago Caamaño
M^a Sol López Martínez
Ramón Lorenzo Vázquez
Ramón Mariño Paz
Luz Méndez Fernández
Henrique Monteagudo Romero

Eduardo M. Moscoso Mato
Marta Negro Romero
Xosé Luís Regueira Fernández
María Teresa Sanmarco Bande
Antón Santamarina Fernández
Xulio Sousa Fernández
Raquel Vila-Amado

XUNTA DE GOBERNO

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela
Director do Instituto da Lingua Galega
Secretario do Instituto da Lingua Galega
Presidente do Consello da Cultura Galega
Presidente da Real Academia Galega
Secretario Xeral de Política Lingüística
Representante do Consello de Goberno da USC
Representante do Consello Social da USC
Representante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia)
Presidente da Fundación Barrié
Vicerreitor de Investigación e Innovación
Decana da Facultade de Filoloxía
Director do Departamento de Filoloxía Galega da USC

COMISIÓN ASESORA EXTERNA

Pilar García Mouton (CSIC)
Johannes Kabatek (Universidade de Zurich)
Martin Maiden (Universidade de Oxford)
Rita Marquilhas (Universidade de Lisboa)
Joan Torruella (Universidade Autónoma de Barcelona)

RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

A. DIALECTOLOXÍA E XEOGRAFÍA LINGÜÍSTICA DO GALEGO E DO PORTUGUÉS

A1. Atlas Lingüístico Galego

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Francisco Dubert García, Xulio Sousa, Carme Hermida Gulías, Antón Santamarina, Lucía Doval Iglesias, Raquel Vila-Amado

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e coa Fundación Barrié

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

O equipo encargado deste proxecto desenvolveu as seguintes actividades ao longo de 2021:

1. Depuración, corrección e mantemento da base de datos informática, especialmente daqueles rexistros que se van analizando e estudando para a elaboración dos mapas correspondentes.
2. Proseguimento da alimentación de datos lingüísticos referidos á lingua galega para proxectos de ámbito europeo (*ALE: Atlas Linguarum Europae* e *ALiR: Atlas Linguistique Roman*).
3. Alimentación con datos lingüísticos do ALGa dos proxectos de ámbito ibérico e lusófono *TLPGP (Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués)* e *PLG (Patrimonio léxico da Gallaecia)*.
4. Actualización dos índices publicados no sitio web do ILG coa incorporación dos datos dos novos mapas. Revisión dos datos correspondentes aos volumes anteriores.
5. Inicio da actualización da base de datos: bases de datos e aplicación de edición e consulta.
6. Preparación de materiais para a edición do volume *O ser humano III*.
7. Elaboración de 100 mapas, con lendas e notas, do volume IX *Léxico. Fauna* e do volume X *Léxico. O ser humano (III)*.

A2. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez Blanco / María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Ernesto X. González Seoane, Marta Negro Romero, Xulio Sousa, Eduardo Louredo Rodríguez

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia, Portugal e Brasil, figuran en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/equipo.html>

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/tesouro-do-lexico-patrimonial-galego-e-portugues>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/Tesouro/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

1. O ano 2021 pechouse con 291.510 rexistros no banco de datos do TLPGP, o que supón un incremento de 9.959. Proceden de 24 novas obras, 20 de Galicia, 3 do Brasil e 1 de Portugal. Conforme o programa previsto, ademais de continuar coa introdución de vocabularios de temáticas específicas (fauna, cultura mariñeira...) e do galego estremeiro, comezouse coa incorporación de datos de DOA e do ALGa, o que supuxo resolver problemas metodolóxicos específicos.
2. O equipo de ILG continúa co labor de asesoramento dos outros membros do equipo, e de revisión e validación das táboas particulares antes de unilas ao banco de datos común. Mantén tamén a base de datos e depura de xeito permanente irregularidades.
3. Ao remate do ano 2021, o Inventario de obras de léxico dialectal galego e portugués con referenciación xeográfica era de 429 rexistros.
4. Como en anos anteriores, o TLPGP incorporou datos léxicos procedentes do proxecto Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional, dirixido ao ensino non universitario, que se desenvolve no marco do Plan Proxecta da Xunta de Galicia; e do proxecto DOA. Dialectoloxía cidadá, comezado a principios de 2021. Á súa vez, proporcionou os datos precisos para o proxecto Patrimonio Léxico da Gallaecia (§ A3).
5. En 2021 comezouse un proceso de mellora das opcións de consulta para os usuarios e de visibilización de datos, que agardamos teña efectos proximamente. Tamén comezou o deseño dunha aplicación que facilitará e acelerará a introdución de datos por parte dos investigadores; neste momento está en fase de probas.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Álvarez, Rosario (2021): “Polos camiños, ás palabras”, *Simposio ILG 2021. 50 anos. Homenaxe a Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 18-21 de outubro de 2021.

Álvarez, Rosario (2021): “Variación lingüística e historia cultural. O xogo da mariola”, en Alcides Fernandes de Lima / Abdelhak Razky / Marilucia Barros de Oliveira (org.): *Estudos Geossociolingüísticos. Volume 3. Edição comemorativa de 25 anos*. Campinas, SP: Pontes Editores, 39-66.

A3. O PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA

IP: Rosario Álvarez Blanco / María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa, Marta Negro Romero, Ernesto X. González Seoane

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal / Enxenio / NLPgo

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia e Portugal, figura en <https://ilg.usc.es/es/proxectos/patrimonio-lexico-da-gallaecia>

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/patrimonio-lexico-da-gallaecia>

RECURSO DIXITAL: <https://ilg.usc.gal/plg/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

1. Enriquecemento da base léxica da que se extraen os datos para o establecemento de conceptos da ferramenta *Patrimonio léxico da Gallaecia* (vid. o proxecto 2, *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*).
2. Participación nunha nova convocatoria do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, co proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*.
3. Lanzamento dun novo cuestionario sobre animais na plataforma cidadá [DOA](#), en que, a través de sinxelos formularios, se lle solicita á cidadanía que indique as palabras que emprega no seu concello para designar determinadas realidades. As palabras proporcionadas en DOA vanse incorporando paulatinamente ao *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* e despois na ferramenta *Patrimonio léxico da Gallaecia*.
4. No marco do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada, recibimos en prácticas a estudante Noelia Lorenzo González, que colaborou neste proxecto coa revisión e lematización das respostas recibidas en DOA.

A4. VARIACIÓN E CAMBIO NOS DOMINIOS GALEGO E PORTUGUÉS NO SÉCULO XX

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Dubert, Aquilino S. Alonso Núñez, Clara Lago Caamaño, Marta Negro Romero, Eduardo Louredo

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación/Proxecto PGC2018-095077-B-C44

PÁXINA WEB: http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/VARCAM_GP

RECURSO DIXITAL: <http://alpi.csic.es/gl>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

1. Revisión de materiais de preguntas de fonética e léxico (250 cuestións).
2. Actualización da cartografía de representación dos datos e adaptación da representación por símbolos e por polígonos.
3. Clasificación dos materiais para o seu tratamento cuantitativo (95 preguntas).
4. Inicio do deseño do dicionario dialectal do ALPI (materiais galegos).

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Dubert-García, Francisco (2021): “Lo que el ALPI le ofrecía a la lingüística gallega en 1962”, *Dialectologia. Special Issue IX*, 39-67.
<http://www.edicions.ub.edu/revistes/dialectologiasp2021/>
- Dubert García, Francisco (2021): “A clasificación das variedades dialectais do galego de Ricardo Carvalho Calero”, *Madrygal. Revista de estudos gallegos*, 24, 69-80.
<https://doi.org/10.5209/madr.80234>
- Dubert-García, Francisco (2021): “Las formas reducidas de *favère* en el noroeste de la península ibérica”, *Studia Linguistica Romanica*, 6, 163-191.
- Lago Caamaño, Clara / Xulio Sousa (2021): “Cambio lingüístico y variación en el gallego rural del siglo XX: los perfectos verbales”, *Dialectologia. Special Issue IX*, 285-310. <http://www.edicions.ub.edu/revistes/dialectologiasp2021/>
- Sousa, Xulio (2021): “La investigación geolingüística en Galicia: del siglo XX al siglo XXI”, en Adolfo Arejita (ed.), *Aniztasuna: Hizkeren Berba-Mintzoak - Euskaltzaindiaren Ii. Nazioarteko Dialektologia Biltzarra*. Bilbo: Euskaltzaindia, 121-136.
- Sousa, Xulio (2021): “Odres nuevos para vino añejo: la edición digital del *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*”, en André Thibault / Mathieu Avanzi / Nicholas Lo Vecchio / Alice Millour (eds.), *Nouveaux Regards Sur la Variation Dialectale / New Ways Of Analyzing Dialectal Variation*. Strasbourg: Éditions de Linguistique et de Philologie, 91-107.
<https://www.researchgate.net/publication/355856104> Odres nuevos para vino añejo la edición digital del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica

A5. ATLAS LINGUISTIQUE ROMAN

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Fernández Rei, Xosé Afonso Álvarez, Alba Agüete Cajiao

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

Despois da publicación dos volumes *II,c. Cartes e II,c. Commentaires*, no que se recollían os mapas e sínteses románicas das denominacións de *blaireau, caille, chardonneret, chauve-souris, coccinelle, corbeau, corneille, écureuil, étourneau, fouine, hirondelle, lièvre, perdrix, pie, renard, ruche, sanglier, sangsue e taon*, tivo lugar en Corte (Córsega) do 01 ao 04 de setembro de 2021 a reunión anual, na que se revisaron os mapas e as novas redaccións das seguintes sínteses románicas previstas para publicar no volume III do *AliR: osier, prunellier, coquelicot, genévrier, murtille, plantain, bleuet, marguerite, éclat de bois, ronce, mûre de ronce, scier, fraigise, givre*. Nesta reunión tamén se deseñou a preparación do volume IV, para o que o comité galego ten asignado, amais da realización das sínteses nacionais, de todos os mapas do volume, a realización da síntese románica de ‘Le soleil se couche’.

A6. ATLAS LINGUARUM EUROPAE

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Fernández Rei, Xosé Afonso Álvarez, Alba Agüete Cajiao

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

No ano 2021 puido levarse a cabo finalmente, aínda que de maneira virtual, o *Atlas Linguarum Europae. Symposium. The 53rd Annual Meeting*, en Bucuresti: Romanian Academy “Torgu Jordan – Al. Rosetti”. Institute of Linguistics, 17-18 June 2021. Neste ano 2021 subministráronse os materiais galegos cos datos dialectais, a súa clasificación e o correspondente estudo etimolóxico, dos conceptos: *gata, can, chantaxe, tronco, eira, cravo, vento, trigo, saída do sol, pór do sol, ovo, tarro*.

B. GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO

B1. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Ricardo Pichel Góterrez, Xosé Carracedo Fraga, José António Souto Cabo, Miguel García-Fernández, Rosário Ferreira, Charlotte Galves, Leonardo Lennertz Marcotúlio, Juan Carrasco González

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: RILG (<http://sli.uvigo.gal/RILG/>)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

As actividades desenvolvidas estiveron norteadas pola consolidación do CGPA como corpus plurilingüístico representativo dos textos antigos conservados no ámbito galego-portugués.

A liña preferenciada foi a da participación do CGPA na construción dun recurso en liña no que, desde o ano 2022, se recollan os textos latinos e romances da Galiza premoderna. É o froito da colaboración entre os proxectos *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA), desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e o *Corpus Galego-Portugués Antigo* (CGPA), activo no Instituto da Lingua Galega desde finais do século XX. O CODOLGA achega os textos latinos e o CGPA os romances.

Neste ano 2021 este novo recurso de converxencia ten preparados e ofrecerá para consulta en aberto no ano 2022 un banco textual de 18.000 pezas documentais en latín, a totalidade das obras non documentais en romance e os cerca de 2000 documentos romances da colección do mosteiro cisterciense de Santa María de Montederramo.

B2. ESCRITORIO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (EGPA-LIT, EGPA-DOC)

IP: Ricardo Pichel Góterrez / Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Pedro Dono López, Camilo Fernandez Cortizo, Miguel García-Fernández, Ramón Mariño Paz

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: Biblioteca Dixital da Galicia Medieval (dir. Xavier Varela Barreiro), Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (dir. Xavier Varela Barreiro), Red Internacional CHARTA (coord. Belén Almeida Cabrejas, Univ. Alcalá), HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria (dir. Ricardo Pichel, Univ. de Alcalá)

FINANCIAMENTO: Proxecto “HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria” (CM 2018-T1/HUM-10230)

PÁXINA WEB: <https://www.herespatrimoniotextual.org/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

1. Continuación dos traballos informáticos de conversión da codificación a XML- TEI e migración do antigo corpus COTAGAL, ata agora local e de acceso restrinxido, a unha nova estación dixital de traballo, o EGPA, dentro da plataforma TEITOK.
2. Continuación da transcripción, revisión e reedición da colección diplomática íntegra correspondente á tese de doutoramento de Margot Sponer (*Altgalizische Urkunden*, 1935).
3. Colaboración co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) consistente na revisión, corrección e actualización dunha *Guía para o estudo da prosa medieval galega*.
4. Continuación dos traballos de transcripción, etiquetado e edición dalgúns textos literarios medievais galegos: as traducións galegas da *General estoria* (RBE ms. O.I.1) e da *Estoria de España* (BGHUsal 2497), da Crónica de 1404 (HSA B.2278, BMP 62) e dos fragmentos conservados das *Partidas* e doutras obras xurídicas.

B3. EDICIÓN DA COLECCIÓN MONUMENTAL DO MOSTEIRO DESANTA MARÍA DE OIA (PONTEVEDRA)

IP: Ana Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Ramón Lorenzo Vázquez, M^a del Carmen Pérez

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

No ano 2021 leváronse a cabo os seguintes traballos:

1. Modificación das fontes: cos novos avances tecnolóxicos as fontes que se estaban empregando para a edición dos textos do mosteiro de Santa María de Oia, Pontevedra, quedaron obsoletas. Procedeuse a cambialas por unha fonte unicode que permita a súa publicación dixital. Neste ano fíxose nos 422 documentos que faltaban.
2. Rematouse a revisión editorial dos 1.223 documentos, xa transcritos
3. Edición de oito textos recentemente localizados da Real Chancelería de Valladolid (Sección Pergaminos, Carpetas 98.2, 30.1, 181.14, 98.1-3-4, 149.14-15).
4. Está prevista a publicación da edición dixital na colección *Gallaeciae Monumenta Historica* do Consello da Cultura Galega.

B4. PATRIMONIO TEXTUAL NA GALICIA MEDIEVAL: PROSA DOCUMENTAL E LITERARIA

Este proxecto subdivídese nas dúas liñas que se indican a continuación e cuxos resultados se comentan a seguir:

- B4.1.** A prosa notarial. Características da produción documental na Galicia medieval (terras do Carballiño, de Celanova, do Ribeiro e de Trives)
- B4.2.** A prosa literaria: textos historiográficos, romanescos e xurídicos

B4.1. A PROSA NOTARIAL. CARACTERÍSTICAS DA PRODUCCIÓN DOCUMENTAL NA GALICIA MEDIEVAL (TERRAS DO CARBALLIÑO, DE CELANOVA, DO RIBEIRO E DE TRIVES)

IP: Eduardo Moscoso Mato / Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: José Antón Souto Cabo, José Carracedo Fraga, Mariña Bermúdez Veloso, Miguel García-Fernández

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

No ano 2021 realizáronse os traballos iniciais previstos, que foron os seguintes:

1. Realizouse a corrección e revisión dos erros atopados nos textos da colección documental do mosteiro de Santa María de Oseira (terras do Carballiño) e de Salvador de Sobrado de Trives (terras de Trives).
2. Realizouse a codificación e etiquetaxe das dúas coleccións documentais antes indicadas, como traballo previo para poder incorporar estes documentos na correspondente base de datos na anualidade de 2022.

B4.2. A PROSA LITERARIA: TEXTOS HISTORIOGRÁFICOS, ROMANESCOS E XURÍDICOS

IP: Ramón Mariño Paz / Ricardo Pichel Gotérrez

EQUIPO INVESTIGADOR: Miguel García-Fernández, Harvey L. Sharrer, Xavier Varela Barreiro

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

O inesperado achado dunha anotación ata o de agora inadvertida revelouounos a identidade do responsable do traslado da *Crónica de Iria* realizado para Tomás Tamayo de Vargas no século XVII, hoxe depositado na Biblioteca Apostólica Vaticana. Este achado impulsounos a emprender unha actividade non prevista para o ano 2021 pero moi recomendábel para despexar o máis axiña posíbel as dúbidas

sobre se o manuscrito do século XV depositado no Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago é o orixinal desta obra. Do noso punto de vista, non hai razóns sólidas para manter tales dúbidas.

As tarefas realizadas ou en vías de realización en relación con este obxectivo son as seguintes.

1. Elaboración dun informe en que se revela a identidade do autor do manuscrito depositado na Biblioteca Apostólica Vaticana.
2. Unha edición contrastiva dos manuscritos compostelán (coñecido como C) e vaticano (chamado V) da *Crónica de Iria*.
3. Un estudo das intervencións editoriais realizadas sobre C polo autor de V.
4. Unha análise das intervencións lingüísticas que o responsábel de V realizou no texto de C que confirma a identidade desta persoa.

Prevedemos que os resultados desta investigación se publicarán como libro no ano 2022.

Por outra parte, avanzouse na edición e estudo doutras pezas literarias de carácter xurídico, historiográfico e haxiográfico-doutrinal:

- A *Versión amplificada* de Sancho IV da *Estoria de España*: avanzouse na transcripción do testemuño *A'* (BGHUsal) e completouse a transcripción do testemuño *Ae* (tradución castelá, BNE). Avanzouse, tamén, no estudo do mecenado e motivación ideolóxica da transmisión desta obra na Galiza baixomedieval.
- Tres testemuños inéditos da *Quinta* (MP e AHNob) e da *Sexta Partida* (ACOU) galegas: completouse a transcripción e edición destes fragmentos, e avanzouse no estudo comparativo coa tradición manuscrita castelá e portuguesa. Avanzouse, tamén, no estudo global dos testemuños galegos das *Sete Partidas*, en particular desde o punto de vista das diferentes iniciativas ou campañas de copia e tradución.
- A tradución galega do *Livro das Confissões* (ARG): completouse a transcripción e edición deste fragmento, así como a súa colación coa tradición manuscrita castelá e portuguesa.
- O fragmento ourensán, en castelán, das *Vidas y pasiones de los apóstoles* de Bernardo de Brihuega: completouse a transcripción e edición, así como un estudo preliminar do texto.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Pichel, Ricardo (2021): “La recepción de las *Siete Partidas* en la Galicia bajomedieval”, en José Manuel Fradejas Rueda, Enrique Jerez Cabrero e Ricardo Pichel (eds.): *Las Siete Partidas del Rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert, 117-133.

Pichel, Ricardo (2021): “Las *Vidas y pasiones de los apóstoles* de Bernardo de Brihuega a la luz de un nuevo testimonio castellano”, en Marina Serrano Marín, Belén Almeida e Fernando Larraz (eds.): *Babel a través del espejo. Homenaje a Joaquín Rubio Tovar*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá, 55-67.

C. ONOMÁSTICA

C1. DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza, Antón Palacio Sánchez, Luz Méndez Fernández

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/diccionario-dos-apelidos-galegos>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

Continúase coa revisión conxunta do diccionario, cunha lectura secuencial, coas seguintes accións:

1. Discusión das hipóteses etimolóxicas de apelidos de especial dificultade.
2. Revisión e uniformización da información lexicográfica dada en cada unha das entradas.
3. Compleción das atestacións históricas mediante a consulta dos recursos informáticos que non estaban dispoñibles anteriormente e coas novas fontes documentais que van saíndo.
4. Perfeccionamento da descrición xeográfica das formas que non a tiñan ou a presentaban incompleta.

PUBLICACIÓNS DERIVADAS

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2021): “La polémica onomástica en Galicia. La ciudadanía y los nombres propios”, en Karlheinz Hengst (ed.), *Namenforschung und Namenberatung. Onomastica Lipsiensia* 14. Leipzig Universität, 107-128.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2021): “Übersetzung galicischer Personennamen in Galicien: historische und soziolinguistische Aspekte”, en Carsten Sinner / Christian Bahr (eds.), *Eigennamen und Übersetzung*. Hamburg: Baar-Verlag, 177-208.

Palacio Sánchez, Antón (2021): “Noticia sobre Roig e sobre outros apelidos cataláns presentes en Galicia desde antes de 1700”, en Marta Neira Rodríguez / Armando Requeixo (eds.), *Verbas amigas. Estudos en homenaxe a Blanca Ana Roig Rechou*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

C2. PROXECTO COORDINADO TOPONOMASTICON HISPANIA. S1. TOPONIMIA DE GALICIA E PORTUGAL

IP: Ana Boullón Agrelo (do proxecto coordinado e do s1)

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza, Antón Palacio, Luz Méndez, Eduardo Louredo, Paulo Martínez Lema, Carlos Búa, Paula Bouzas, Esperança Cardeira, Maria Alice Fernandes, Carlos Rocha

FINANCIAMENTO: Proyectos de I+D+i 2020 Retos Investigación (Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades). PID2020-114216RB-C61

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/toponomasticon-hispaniae>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

O proxecto coordinado contén os subproxectos 1. Toponimia de Galicia y Portugal (do que é IP Ana Boullón), 2. Toponimia asturiano-leonesa. 3. Toponimia de Aragón, Cantabria y La Rioja. 4. Toponimia del País Vasco y Navarra. 5. Toponimia de l'arc mediterrani. 6. Toponimia de las zonas central sur e insular atlántica. Foi concedido no último trimestre do ano 2021, polo que no tempo transcorrido ata final de ano seleccionouse o corpus toponímico que cada investigador ía tratar e confeccionouse unha ficha toponímica en colaboración cos IPs dos outros proxectos, pois preténdese un achegamento metodolóxico común dos distintos territorios lingüísticos ibéricos. Desde a concesión do proxecto ata a fin de ano traballouse, ademais, coa empresa informática que está a elaborar a páxina web do proxecto, que encerra moita complexidade, pois consta de moitas epígrafes, soporte cartográfico, mapas antroponímicos e numerosos hipervínculos. Mentres, estase a avanzar nas fichas toponímicas que despois se incluírán na web.

PUBLICACIÓNS DERIVADAS

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2021): “Panorama da toponimia galega (a través dos seus nomes máis frecuentes)”, *Estudos Lingüísticos e Literários. Revista dos programas de pós-graduação em língua e cultura e em literatura de cultura da UFBA* 71, 38-75. <https://periodicos.ufba.br/index.php/estudos/article/view/48187>

D. CORPORA DE LINGUA ACTUAL

D1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL

IP: Francisco Fernández Rei / Carme Hermida Gulías

EQUIPO INVESTIGADOR: Concepción Álvarez Pousa, Carme Ares Vázquez, Xosé Henrique Costas González, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/arquivo-do-galego-oral-ago>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/ago/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

Pese a non contar con financiamento, no ano 2021 leváronse a cabo as seguintes accións:

1. Revisión final de 100 novos textos para a súa incorporación definitiva á nova plataforma do AGO.
2. Transcrición de 8 novos textos (20' de audios) con aliñamento mediante o programa ELAN, co que se ampliou o número de concellos incorporados á nova plataforma do AGO.
3. Dixitalización de novos materiais en formato cassette e minidisck.
4. Tratamento das transcricións xa incorporadas na nova plataforma do AGO co fin de que o público usuario as poida descargar na versión completa en pdf a través dun apartado específico para persoal investigador.
5. Incorporación da información dos 20 primeiros textos á base de datos do AGO.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez Pousa, Concepción (2021): Tese de doutoramento *A lingua da Terra de Viana do Bolo. Descrición dialectal e análise do cambio lingüístico* (Programa de Doutoramento en Lingüística da USC). Director: Francisco Fernández Rei. Acto de defensa na USC o 26 de novembro de 2021. Cualificada con Sobresaliente *cum laude* e mención internacional.
- Costas González, Xosé Enrique (2021): “A importancia do elemento leonés nas falas de orixe galega do noroeste de Estremadura”, *Revista de Filoloxía Románica* 38, 105-120.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2021): “Entroido na Illa de Ons (1)”, *Aunios*, 26, 67-70.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2021): “Cando Mörling chegou á Illa de Ons”, *Nova Ardentía*, 13, 12-15.
- Fernández Rei, Francisco (2021): “Os nomes galegos dos peixes”, *Nova Ardentía* 13, 86-91.
- Fernández Rei, Francisco (2021): Transcrición e notas do discurso de Pitusa Vidal Cabanillas “*Eu xa cheguei onde tiña que ir*. Na inauguración do Museo Ramón Cabanillas”, *A Trabe de Ouro* 118, 161-165.

OUTRAS CONTRIBUCIÓNS

- En xaneiro do 2021 dixitalizouse unha gravación de Oleiros-Salvaterra, do 1984, solicitada pola persoa que a fixera e a depositara no Arquivo Oral do ILG.
- Varios días da primavera do 2021 o antropólogo Lois Ladra, responsable de *O proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Popular de Tradición Oral no concello do Corgo*, visitou o Arquivo do Galego Oral para consultar as gravacións que nel figuran de parroquias dese concello lucense.
- En outubro do 2021 o Colectivo Glovo, compañía profesional de danza con sede en Lugo, para unha nova produción escénica solicitou usar no espazo sonoro da mesma un fragmento da gravación do AGO de Abelán-Fornelos-Salvaterra do Miño que está na rede <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>.

D2. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Noemí Basanta Llanes, Reyes Rodríguez Rodríguez

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/corpus-oral-informatizado-da-lingua-galega-corilga>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2021

Durante o ano 2021 este proxecto non contou con financiamento específico. Debido a circunstancias motivadas pola pandemia e tamén pola carga de traballo das persoas responsables da parte técnica, non se puideron afrontar as melloras previstas nas ferramentas de aliñamento e de recoñecemento, polo que non se puideron producir os avances previstos.

